



A VOLTAS POLA ILLA DE AROUSA

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 28 km. Pódese facer en varias etapas
Dificultade: baixa
Duración: 8 horas (máis o que un se queira parar)

A Illa de Arousa é un magnífico lugar para pasear e para gozar da tranquilidade, dos horizontes abertos, da frescura do aire, das luces incomparables da mañán ou do solpor, da natureza e a paisaxe, e do mar. E para facer todo isto máis doado conta con percorridos variados, atractivos e ben acondicionados.

A Illa de Arousa é un lugar que merece ser visto e paseado sen deixar atrás ningún dos seus recunchos porque en toda ela, e en calquera lugar, podes ser sorprendido: pola propia illa, a xente ou a natureza.

Ver xurdir o sol paseando as praias nas que o mar susurra máis que berra, moverte por lugares onde aínda o natural non está de todo perdido. Contemplar a armonía caótica, e chea de contrastes, entre a natureza e a obra humana sen darlle demasiada importancia a algún “tropezo” evitable ou inevitable .

Hai moitas illas da Arousa na Illa da Arousa: a Illa da Arousa das praias, a dos cons, a dos peiraos e os barcos na que destacan pola forma, a historia e as cores, as dornas, a illa da Arousa dos camiños a illa da Arousa natural e a illa da Arousa da xente.....

Percorridos de facil camiñar, agás en curtos tramos sen acondicionar ou fóra dos tramos acondicionados, con poucos desniveis. Percorridos que poden ser partidos ou combinados segundo o estado de forma do camiñante. Unha proposta axeitada se se dispón de tempo suficiente e non se quere encher un de andar pode ser a de facelo en catro veces cunha media de 6 a 8 km cada vez.



Mencer na praia de Lavanqueira



Dornas no Vao



Rañeiros



Panorámica desde o mirador do Santo

1-Ruta do Carreirón. Circular polo perímetro do espazo protexido.

2-Ruta do sur. Circular do aparcamento da ponte ata a entrada do Carreirón, pasando polo muíño de mareas e continuar pola costa exterior ata a praia de Espiñeiro e volta ao aparcamento.

3-Ruta do norte ou do Cantiño ao Cantiño. Circular polo perímetro costeiro: Cantiño, Naval, Faro, Barbafeita, Testos, Semoiño, Cantiño. 6,5 km case todos eles acondicionados para gozar das paisaxes da propia Illa, da Barbanza e da costa da banda do mar, do interior da ría ata Cortegada e o exterior ata Rúa, Nor e Sálvora. E para completala a paisaxe humana e as bateas.

4-Ruta da ponte, ou do Cantiño á ponte por Pedracerrada, Laxe do Pan, ata a praia do Espiño, cruzar a Camaxe, seguir polo paseo e volta por Riasón, Cabodeiro e o Xufre. 9 km circular, acondicionada desde o aparcamento ao Xufre e os paseos urbanos, e por estrada ou por carreiros o resto.



Paseo de Cabodeiro



Linaria arenaria, unha planta en perigo de extinción que ten nas praias da Arousa unha das máis importantes poboacións de Galicia.



Solpor de verán no Carreirón